

ARTELLO

ARBA A



unha obra  
de  
ARRABAL x

**ARTELLO**

## A O B R A

"O teatro de Arrabal ríse de todo porque tómase en serio o esencial"  
(Max Aub).

Nó PIC-NIC as figuras dós dous soldados nemigos apresetánsenos tan iguales que poderían sé-lo mesmo persoaxe. Esto fainos pensar nunha guerra de irmáns, ou, por que non, ná guerra civil española. A inocencia, a Inxenuidade dá visita dós pais-Sr. e Sra. Tepán-ó seu fillo ZAPO no fronte, explica por así deci-lo que esa guerra non é sua e que nunca se sinten comprometidos con ela: "Nos non viñemos ó fronte pra face-la guerra, somentes queremos pasar un día de campo contigo...", dí o señor Tepán. E mais adiante a Sra. Tepán: "Tanta guerra tenche que aborrecer". Os propios soldados non saben por que están a combater. Botando man dún análise feito por Irmgard Zeys Anderson diríamos que foron inxenuos e coitados dabondo pra deixarse levar a un combate por un cabaleiro que non ofrece explicación algunha. Manipulación crara pola banda dós que tiran proveito dá guerra, que faise evidente ná figura dós camilleiros frustrados por non atoparen cadavres, ante o intento de axuda ó que se presta a familia.

Arrabal amósanos en ZAPO e ZEPO a soedade humán que ven dada dende as frases primeiras de Zapo, ó pedirlle ó capitán que lle mande un compañeiro.

A solución final apresentada polo señor Tepán prá dete-la guerra adoece de efectividade por ser unha solución individual. En canto bailan ó seu próximo "éxito formidabre", a guerra faise presente, deixándoos ironicamente impotentes pra levaren a cabo o seu plan.

Dá obra de Arrabal dí Vicente Aleixandre: "A apelazón que o seu esceario fai á responsabilidade humán, está convocada dende unha subversión cerdadeiramente dramática".

E pra rematar, PIC-NIC é, pois, non só unha expresión de carraxe, senón tamén, unha adevertenza a quenes recuden a violencia, e lembranza ós sobrevivintes pra que cumbran a misión de paz que lles cederon, tan involuntariamente, os mortos.

# ARTELLO

Traballando como grupo independente dende fai 2 anos (1977) montou:

"Amores e crimens de Xoan Pantelra"	E. Blanco Amor
"Romance de Micomicon e Adhelala"	E. Blanco Amor
"Viaxe do País de Ningures"	M. Lorenzo
"Morte e Vida Severina"	J. C. M. N.
"Tarará-Chispun"	Colectivo (en repertorio)

E agora encara a profesionalidade co montaxe da obra do F. Arrabal.

## "PIC-NIC"

### FICHA TECNICA

Zapo	- Manuel Pombal
Zepo	- Antonio Durán
Sr. Tepan	- Ernesto Chao
Sra. »	- María Xosé González
Camilleiros	- Manuel Nantes-Ramón Rodríguez

Dirección	- <del>Ramón Rodríguez</del> <b>ARTELLO</b>
Iluminación	- Manuel Nantes
Música	- Manuel Nantes-Ramón Rodríguez
Escenografía	- Ramón Rodríguez-Guillermo Steinbrüggen

Agradecemos a colaboración de: **GUILLERMO - ANXELA - KLAUS**

PARA CONTACTOS:

**GRUPO ARTELLO (Sala Carral)**

CARRAL, 18 baixo - **VIGO**

Teléf. 23 42 10 (María) polas mañás

